

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2012. Nº 03/2012.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (P.P.)

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.(P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO. (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)

D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)

D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA. (P.P.)

D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ. (P.P.)

D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)

D^a BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO. (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ. (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ. (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras da taxa pola expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.....	páx. 7
4.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2012.....	páx. 10
5.- Moción do PP relativa á solicitude á Consellería de Medio Ambiente para que autorice batidas de xabaríns durante todo o ano.....	páx.12
6.- Mocións do PSdeG-PSOE..	
6.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia do Sr. Concelleiro delegado de urbanismo sobre as áreas de reparto AR-23 e AR-33.....	páx. 15
6.2.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde sobre cuestións relacionadas coa arte.....	páx. 21
7.- Mocións do BNG.	
7.1.- Moción do BNG contra a privatización e a suba das tarifas da Escolas Infantís pertencentes á Xunta de Galicia.....	páx. 22
7.2.- Moción do BNG de apoio á Plataforma Lexislativa popular para a defensa da sanidade pública de Galicia.....	páx. 24
8.- Moción por urxencia do BNG para a declaración do día 24 de febreiro como “Día de Rosalía de Castro”.....	páx. 26
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 27

=====

Sendo as once horas do día 27 de febreiro de 2012, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente titular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*, tamén asiste a interventora *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

O Sr. Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias* propuxo aos membros do Pleno, que tendo en conta que nestes días de atrás tivo lugar o pasamento dun dos arquitectos membro do estudo *Mansilla-Tuñón*, adxudicatarios do concurso e logo redactores do proxecto e directores da obra de construción do novo edificio do Concello”, coñecido como Castro tecnolóxico, que se gardase un minuto de silencio como mostra de pesar e de recoñecemento a este arquitecto.

Os distintos voceiros, o socialista *D. Manuel María González Aller* indicou que non estaban de acordo coa obra arquitectónica do Novo Concello, se ben non tiña inconveniente en gardar un minuto de silencio, *D. Camilo Conde López* do PGD asentiu. O voceiro do BNG *D. Xesús Cordeiro Budiño* declinou esta proposta, sinalando que o seu grupo nunca estivo de acordo coa obra, e que non quería adoptar posturas que deran espaldarazo a esta obra, indicando que se ausentarían os dous membros desta formación no minuto de silencio.

De seguido coas ausencias dos dous edís nacionalistas, o Concello Pleno de Lalín gardou un minuto de silencio de pesar polo pasamento e *D. Luis Moreno García-Mansilla*, arquitecto membro do equipo autor da obra do Castro Tecnolóxico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do Concello Pleno do día 30 de xaneiro de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez pediu que na páxina 13, na súa intervención, cando falaba dos valores catastrais dos pisos se modificase o borrador de acta, introducindo a palabra valores medios dos pisos.

Tras aceptar o Sr. Secretario a corrección indicada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.

3.1.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a Memoria da Alcaldía, o informe de intervención e o borrador da modificación da ordenanza. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de febreiro de 2012.

Por orde da Presidencia e previo acordo dos grupos políticos municipais, acordouse debater conxuntamente os dous expedientes de modificación das ordenanzas.

Co fin de explicar o obxecto da modificación o voceiro popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que coa modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos se tentaba corrixir o feito de que os que non pediron licenza municipal abonasen un importe ao Concello. Había para elo dous tipos de documentos, segundo cada situación. Polos primeiros o procedemento normal eran cen euros. Pero coidaba que era de xustiza fiscal que polos segundos procedementos, cando non teñen infracción urbanística e carecen de licenza, pola Disposición Transitoria Terceira da lei 9/2002, de 30 de decembro do solo, na súa versión dada pola lei 2/2010, do 25 de marzo, non era xusto que abonasen uns todo e outros nada. Había que partir da base de que estes certificados ocasionaban un importante traballo no Concello. Só lles custaría cen euros e o resto setecentos sesenta.

Pola súa parte o edil delegado de Facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** explicou que a ordenanza fiscal do IVTM contemplaba a exoneración de pago dos vehículos cunha antigüidade superior a vinte e cinco anos. En realidade supuña clarexar a aplicación de oficio ou a instancia do suxeito pasivo desta bonificación do 100% da cota tributaria.

Desde o grupo socialista, o seu voceiro, **D. Manuel María González Aller**, sinalou que estaban de acordo coa modificación da Ordenanza do IVTM.

Sobre a Ordenanza de documentos administrativos e servizos urbanísticos non estaban a prol da mesma. Coidaba que a suba proposta era desproporcionada e ademais viña nun momento económico para a sociedade que non era o máis oportuno.

Doutra banda había que buscar a causa desta situación na deixadez do Concello que, en vez de subir e actualizar a taxa ano tras ano, agora nunha situación de crise económica viña a propoñer esta suba de golpe.

Sobre o contido da proposta vían desproporcionada a suba porque supuña que cada emisión dun certificado destes supuña unha dedicación de funcionarios a esa misión esaxerada, en horas de traballo e en desprazamentos. Había casos en que non había que desprazarse, e parecía moito, vinte e oito horas, catro días de traballo en xornada laboral. Coidaban que a única intención do grupo de goberno con esta proposta era recadar cartos.

Por outra banda non se explicaban como non había sancións no eido do urbanismo ó igual que pasaba coas multas de tráfico. Agora tratábase de compensar a falta de ingresos municipais con este tema, cando o problema estaba na falta de control e de vixilancia. Por exemplo mencionou que se estivese en vigor esta ordenanza, na última sesión da xunta de goberno, o Concello cobraría máis de mil trescentos euros. Finalizou o seu turno indicando que o seu grupo municipal faría alegacións a este expediente no período correspondente, porque estaban en desacordo co mesmo.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou en primeiro lugar que esperaba que se votase por separado cada ordenanza fiscal.

Despois adiantou que eles estaban a favor da exención prevista para os vehículos antigos.

Sobre a ordenanza 24 e os certificados que agora se gravaban adiantou que o fin que buscaba o goberno municipal era paliar a falta de ingresos do ICIO.

Os supostos de aplicación desta ordenanza eran variados e mesmo había casos nos que non había posibilidade algunha de legalizar a súa situación, outros con hipoteca.

Estaba en profundo desacordo cos cálculos que se facían sobre as horas de traballo, porque

pensaba que os técnicos municipais xa cobraban do erario público, e o seu custe non podía trasladarse aos veciños. El coñecía casos en que emitir estes informes non levaba apenas traballo para os técnicos municipais, pero que agora coa modificación proposta terían que pagar os veciños.

En resumo, era unha forma esaxerada de determinar o importe da taxa e un verdadeiro abuso o custe que se quería trasladar aos veciños.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** dixo que dunha banda as taxas a cobrar eran necesarias, pero neste caso eran abusivas. Propoñía que a suba fose máis moderada para a legalización, e reiterou que lle parecía abusiva a suba proposta. Sobre a exención dos vehículos antigos dixo que estaba de acordo.

Na segunda rolda, **D. Román Rodríguez González** dixo que parecía que todo valía para a oposición con tal de “*darlle caña ao grupo de goberno*”. So legalizaríanse as construcións que estaban permitidos polas normas; as outras, non.

Os donos trataban de acceder e legalizar as súas fincas e construcións no Rexistro da Propiedade. Cobrar o que se propuña era un acto de xustiza fiscal, para non discriminar aos que si aportaron a documentación e cumprían as normas.

Había moitos concellos que facían o que agora se propuña aquí, no era só Lalín. Non lle valían as críticas do voceiro socialista dicindo que na xunta de goberno se cobraría máis de ter esperado.

Tamén desde o grupo socialista, **D. Francisco Pérez Donsión** dixo que ao abeiro da DTR da Lei 9/2002, había tres certificados que tiña que presentar o veciño para legalizar. Se fose así, o solicitante en total tería que pagar 2250 € pola emisión de tres certificacións: por estar o edificio fóra de ordenación total, por ausencia de infracción e polo outro concepto.

Facendo números e supoñendo que houbera trescentos expedientes, co tempo que se indicaba no estudo técnico, tardaríase 3,5 anos en tramitar eses expedientes. Isto demostraba que os cálculos feitos no estudo económico e fiscal da ordenanza eran esaxerados e fora de contexto.

De novo o representante do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** salientou que a situación se debía a que durante moito tempo o Concello non aplicou as normas vixentes, a pesar de que todos estaban sometidos ás mesmas, pero había moitas e diversas situacións a contemplar. Agora para acceder ao Rexistro da Propiedade facía falta tramitar estes papeis e os veciños non deberan ter que pagar eses cartos que se lles pediría coa nova ordenanza. Isto amosaba a mala xestión que fixo o Concello.

O que realmente se buscaba agora era recadar fondos para as arcas municipais diante da baixa que existía na recadación doutros tributos, e para elo tentaba cargar nos veciños os custes dun traballo administrativo, algo que non debía facerse.

D. Camilo Conde López ratificouse no xa dito anteriormente.

De novo o voceiro popular, **D. Román Rodríguez González** argumentou que foi a lei do solo na súa modificación do ano 2010, lei que foi pactada co partido socialista, a que daba esta opción recollida na súa disposición transitoria terceira. Dixo que as verbas do edil socialista, **Sr. Pérez Donsión** eran demagóxicas, porque só había que presentar un dos certificados por el aludidos.

Doutra banda dixo que estes certificados e o que pasaba en Lalín con este asunto non eran exclusivos de aquí, e era o mesmo que pasou noutros concellos galegos. Había concellos da comarca que modificaron as súas ordenanzas para cobrar importes similares ou aínda maiores dos que agora se debatían en Lalín.

Rematou o debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, que dixo que era inxusto que só se falaba de Lalín, cando se trataba de algo que sucedeu en toda Galicia, e que agora se trataba de encauzar. Os importes que se establecían non eran en ningún caso abusivos, por exemplo pagar 750 € cando non se pagou nada, nin proxecto, nin taxas, non o era “se mirase

como se mirase”.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que inclúe vinte e un concelleiros, sendo catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD, ***o Pleno da Corporación ACORDOU:***

Primeiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, achegándose a esta Memoria o novo contido da mesma.

Segundo.- Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días.

Terceiro: No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o presente acordo.

3.2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E SERVIZOS URBANÍSTICOS.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a Memoria da Alcaldía, o estudo económico-financeiro, o informe de intervención e o borrador da modificación da ordenanza. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de febreiro de 2012.

O debate deste expediente realizouse de forma conxunta co punto anterior.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (catorce) dos concelleiros do PP.

Votos en contra: seis (6) dos cales catro (4) foron dos concelleiros do PsdeG-PSOE e dous (2) dos dos concelleiros do BNG.

Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD:

Xa que logo, aprobouse o expediente e ***o Pleno da Corporación ACORDOU:***

Primeiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Expedición de Documentos Administrativos e Servizos Urbanísticos, achegándose a esta Memoria o novo contido da mesma.

Segundo.- Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días.

Terceiro.- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o presente acordo.

4.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2012.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. A continuación o Sr. Secretario deu lectura

ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de febreiro de 2012.

Na exposición do expediente, **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delegado de facenda, explicou que se trataba de recoñecer facturas sen contabilización orzamentaria que chegaron tarde. Moitas delas correspondían a Unión Fenosa do mes de outubro, en concreto polo importe de 65.623.57€. Adiantou que este expediente non sería o último destas características, posto que aínda faltaban dous meses do ano pasado sen tramitar, xa que aínda non chegaron as facturas de Unión Fenosa.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou con certa ironía que parecía que, á vista dos antecedentes, en adiante este tema de recoñecemento de facturas sería un punto fixo nas sesións plenarias. Avogou porque a tramitación e a presentación de facturas se faga como ten que ser de acordo coa lei. Non apoiarían a proposta.

Pola formación nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que estas facturas correspondían ao ano 2011 e por iso cumpría tramitar este expediente. Lembrou que hai pouco tempo a finais do ano pasado aprobouse un expediente de modificación de créditos para dotar con máis de trinta e catro mil euros o servizo de alumado público. Agora volvíase co mesmo tema, pero só que esta vez o importe chegaba a sesenta mil euros. Isto non era normal, o gasto en alumado público resultaba esaxerado e había que corrixilo, para elo propuxo que o Concello se dirixa a Unión Fenosa para que actúe con normalidade. Agora mesmo cos datos do expediente non sabían se as facturas se presentaron en tempo e forma ou non; por elo non podían apoiar a proposta. Votarían negativamente a proposta.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** dixo que este importe podía causar alarma, que podía pensarse que había débedas impagadas, excesos de consumo de enerxía eléctrica; todo isto non estaba claro.

Coidaba que neste intre había que reflexionar sobre o problema e buscar solucións. Había que mellorar a xestión deste servizo de alumado público e conseguir resultados de eficiencia. Discrepaba do contido do expediente por iso se abstería.

Na segunda volta **D. Manuel Gómez Estévez** salientou que no municipio había un consumo importante de alumado público e que coas subas no custe da enerxía eléctrica. Elevaban a factura.

Recoñeceu que levaban xa dous anos con este sistema de facturación, cun certo descontrol por parte de Unión Fenosa que non remitía os recibos en tempo e forma, ó que impedía contabilizar correctamente os gastos deste servizo.

Criticou á oposición porque dunha banda pedían alumado público cando algunha farola non funcionaba correctamente ou mesmo pedían este servizo, e doutra banda, cando chegaban as facturas, protestaban.

Adiantou que había que partir da base que todos os anos había recoñecementos de créditos, e reiterou que se presentarían facturas fóra de tempo, en concreto as dos meses de novembro e decembro. Quitando estas facturas pendentes, non había máis que el coñecese. Todo o que había, hoxe está contabilizado.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: dous (2) do BNG

Abstencións: cinco (5), sendo catro do PSdeG-PSOE e unha do PGD.

En consecuencia, **o Concello Pleno ACORDOU:**

Aprobar a proposta, RECOÑECENDO EXTRAJUDICIALMENTE OS CRÉDITOS do expediente nº 1/2012 para a imputación ó orzamento corrente do 2012 dos gastos levados a cabo nos exercicios anteriores das facturas que se detallan como anexo e que a continuación se transcriben por importe total de 65.623.57 €:

<u>Acreedor</u>	<u>Nº Liquidación ou factura</u>	<u>Importe €</u>
Augas de Galicia	324/0007/M/01	65,69
Augas de Galicia	324/0010/M/01	188,09
Augas de Galicia	324/0011/M/01	290,77
Augas de Galicia	324/0013/M/01	16,34
Augas de Galicia	324/0014/M/01	528,26
Augas de Galicia	324/0016/M/01	54,50
Augas de Galicia	324/0017/M/01	76,93
Augas de Galicia	324/0018/M/01	48,48
Augas de Galicia	324/0019/M/01	7,71
Augas de Galicia	324/0024/M/01	12,31
Augas de Galicia	324/0026/M/01	189,53
Unión Fenosa Comercial S.L.	(anexo II)	152,73
Unión Fenosa Comercial S.L.	(anexo II)	10.098,90
Unión Fenosa Comercial S.L.	(anexo II)	2.365,22
Unión Fenosa Comercial S.L.	(anexo II)	1.960,08
Unión Fenosa Comercial S.L.	(anexo II)	4.298,66
Galp Energía España, S.A.U.	5200549094	2.018,92
Termodeza, S.L.,	110088	1.017,57
Seguridad Japón, S.L.	VGMR1911	556,91
Gallega Sum. Industriales, S.L.	FAC1101995	791,86
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	60,45
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	34.001,75
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	1.198,62
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	223,95
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	24,57
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	271,09
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	105,63
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	616,95
Gas Natural S.U.R.	(anexo III)	4.381,10
TOTAL		65.623,57

5.- MOCIÓN DO PP.

5.1.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA QUE AUTORICE BATIDAS DE XABARÍNS DURANTE TODO O ANO.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo de goberno de 15 de febreiro de 2012, rexistrada o mesmo día co número 1004. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao

ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 23 de febreiro de 2012.

Na defensa da moción o edil delegado de medio ambiente **D. Manuel Fernández López** comezou a falar referíndose á emenda presentada polo grupo socialista sobre este asunto, salientando que supuña case deixar sen efecto as dúas partes da moción que el presentou e que se debatía, e renunciar ao traballo levado nelo. Outra cousa sería que se considerase coma un planfeto a emenda e se colgase.

Fixo historia deste tema e lembrou que no mes de marzo de 2011 a Oficina Agraria do Concello de Lalín púxose a disposición dos gandeiros para recoller e tramitar as reclamacións por danos que causaban os xabaríns ás explotacións e aos terreos dos veciños de Lalín. No mes seguinte houbo xa unha reunión en Santiago del mesmo cos responsables da Consellería do Medio Rural para tratar este tema. Nela pediu que se baixase o rango de 3 a 1 desta zona a efectos da caza, e logo o trinta de marzo dese mesmo ano volveu a ter unha reunión en Pontevedra coa persoa responsable da Consellería do Medio Rural, *D^a Susana Torres*. Baixar de rango 3 a 1 supuña autorizar batidas sen ter que constatar os danos cometidos anteriormente.

Pensaba que había moito xabarín en Lalín. O día dous de xuño houbo outra reunión no Concello de Lalín cos sindicatos, as cooperativas e a Asociación de Cazadores para tratar este tema e acordouse incrementar a realización de batidas. Nos meses de xuño e xullo houbo batidas e nos dous meses cazáronse entre 40 e 45 xabaríns.

Nos meses de outubro e novembro houbo contactos coas cooperativas gandeiras, porque o problema continuaba, por mor da existencia de moitos xabaríns.

Recoñeceu que había batidas, pero aínda quedaban manadas de seis ou sete individuos de xabaríns. Desde o Concello coidaban que había que pedirlle á Xunta de Galicia que permitise batidas todo o ano, e realízalas, sempre que sexa necesario, falando cos cazadores.

Sobre a emenda socialista de substitución das dúas partes da súa moción, indicou que había que controlar a poboación e levar a cabo máis actuacións, pero coidaba que coa súa moción estes obxectivos quedaban mellor recollidos e respondían ao que se perseguía.

O voceiro do grupo socialista neste tema, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** sinalou que as emendas presentadas polo seu grupo non buscaban variar a moción substancialmente, e menos tira-lo traballo que supuña ao saco, senón engadir outros aspectos.

Entendían que se podía colaborar neste eido, pero era a administración autonómica a que tiña que levar este tema, establecendo as regras e as normas e decidindo as formas de control desta poboación, de controlala, en suma.

Sobre as reclamacións de danos, salientou que a administración autonómica tiña que asumir esta carga. Por exemplo a C.A de Asturias pagaba indemnización; outras comunidades colaboraban coas entidades agrarias e cos particulares cos seguros para cubrir estas eventualidades.

Polo tanto neste eido era a Xunta de Galicia a que tiña que levar a voz cantante, e quen tiña que decidir e establecer o sistema de control, aplicándoo, e non deixar sen máis a solución do problema nas batidas dos cazadores. Debíanse adoptar ademais outras medidas complementarias. Nesta dirección ían as emendas do seu grupo.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, dixo que a moción non tiña moito sentido. Un se explica os pasos que se deron previamente. Déronse todos, batidas, houbo acordos, pero non se solucionou o problema. Faltaba control, e tras escoitar a *D. Manuel Fernández López*, vía que a moción aínda tiña menos sentido.

Coidaba que o edil do grupo de goberno non fixo ben os deberes neste tema, e á forza de apostar e de actuar, non atendeu nin resolveu o problema.

A solución que propón de pasar de rango 3 a 1 levaría a un descontrol do tema, e a que se fixeran batidas en calquera momento. Non había ese exceso de poboación de xabaríns como se dicía. Coidaba tamén que a Xunta de Galicia como administración tiña que funcionar, e que fóra deste control administrativo non debía actuarse.

Cambiou a norma e había que facer un traballo máis profundo e máis legal, unha nova regulación que aborde a caza do xabarín, que aínda pode ter algún sentido en Galicia, cando se reúnen os

cazadores e os veciños da parroquia para degustar a súa carne, pero en ningún caso podía entender a caza do zorro, inxustificada “*de todas todas*”.

Coidaba que había que pagar os danos e xuntarse para buscar unha regulación con solucións. Votaría negativamente a moción.

Pola súa parte o PGD por medio de **D. Camilo Conde López**, indicou que estaba de acordo en que había un problema e que había que buscarlle solucións.

O problema era complicado porque estes animais percorrían durante un día preto de oitenta kilómetros e se reproducían rapidamente.

Coidaba que non debía deixarse aos cazadores o control da súa poboación, porque deste xeito se extinguirían; tiña que ser a Xunta de Galicia a que dixese o sistema e quen tivese a responsabilidade neste eido. O xabarín era unha riqueza para todos e había que buscar un equilibrio entre a súa existencia e os intereses dos gandeiros e labregos, e concilialos.

Era mesmo partidario de facer unha concesión administrativa para alimentar estes animais e que non coman así o millo dos gandeiros nin destrócen os prados, e mesmo aproveitar a carne destes animais, comercializándoa, facendo algunha festa ou outra forma de exaltación e de degustación da carne do xabarín.

En conclusión coidaba que había que propiciar a busca de solucións definitivas a este problema. A moción tiña que madurar máis e tal e como viña redactada estaba en desacordo coa mesma.

Na segunda rolda **D. Manuel Fernández López** rexeitou as propostas da oposición. Non entendía a súa postura. Lembrou que o anterior goberno bipartito da Xunta de Galicia debía rendir contas pola falta de resultados da súa xestión pola non adopción de medidas eficaces e por permitir a proliferación dos xabaríns.

Sucedía ademais que tamén se reservaron precintos e con elo non se podía matar máis animais.

Estaba de acordo en que había que controlar a poboación de xabaríns no agro, pero non era partidario da eliminación, avogando polo control efectivo. Entendía que estes animais podían controlalos os cazadores e a Xunta de Galicia cos tecores.

O punto clave era controlar a poboación. Indicou que a pesar de todo, o ano pasado medrou. Elo debeuse a que no curso pasado non se fixeron as cousas ben, e agora non había que falar deste tema. “*Os danos se pagan formalmente, pero na realidade non se pagan*”, dixo. Reiterou que había un crecemento desorbitado da poboación de xabaríns.

Tamén ratificouse na súa postura inicial o grupo socialista. **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**, afirmou que o que dixo repetiuno aquí e en todos os sitios. En conclusión era partidario de que houberse batidas, pero non que estas foran as únicas medidas de control, e que non foran os cazadores os que levasen o mesmo. A Xunta de Galicia debía levar un papel esencial neste tema.

Indicou que había a día de hoxe un anteproxecto da lei de caza, e non contemplaba ningunha medida para controlar este tema da poboación de xabaríns e sobre isto non veu nin escoitou nesta sesión que ninguén dixera nada disto.

En alusión as verbas do edil do PGD dixo que non era partidario da comercialización da carne dos xabaríns nin doutras especies; a clave do problema estaba no control da súa poboación, tarefa na que a Xunta de Galicia tiña que levar a dirección.

Reiterouse tamén **D. Xesús Cordeiro Budiño**, para recalcar algo; os xabaríns ían menos ás zonas afectadas polas batidas. Faltaba regulación, non había datos fiables sobre este tema, e só os corenta e cinco animais cazados, cando había dúscenas cincuenta escopetas. Non era moito. O problema non debía ser como se contaba. Outra cosa distinta era pagar os danos ocasionados.

Non estaba de acordo en como se explicaba o edil do grupo de goberno, porque as batidas así indiscriminadas non solucionaban nada, os xabaríns marchaban para outras zonas.

Finalmente dixo que o BNG quería que se modificase a lei de caza, e sempre claro estaba que os danos se debían pagar.

De novo **D. Camilo Conde López** dixo que o problema había que atallalo, pero buscando outras fórmulas distintas ás propostas. Había que proporcionarlle alimentos aos xabaríns e mesmo comercializalo. O problema era complexo, pero había que reflexionar para buscar unha solución definitiva.

A emenda socialista buscaba substituír as dúas propostas de acordo polas seguintes: 1º. Solicitar da Dirección Xeral de Conservación da Natureza a adopción de todas aquelas medidas que estimen oportunas para garantir un seguimento e control da poboación de xabarín con obxectivo de minimizar os danos producidos nas colleitas por este animal; 2º. Solicitar da Xunta de Galicia a asunción -vía patrimonio- da reparación dos danos producidos pola fauna salvaxe nas colleitas ou no gando, mediante un proceso administrativo áxil e xusto.

Antes de pasar á votación da moción, como é preceptivo, someteuse a votación, mediante o sistema de man alzada, a **emenda** á mesma presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), dos cales catro foron do PSdeG-PSOE e un do PGD.
Votos en contra: catorce (14) dos concelleiros do PP.
Abstencións: dúas (2) do BNG

En consecuencia, rexeitouse a emenda proposta polo PSdeG-PSOE.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a **moción**, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP
Votos en contra: seis (6), dos cales catro foron dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous dos concelleiros do BNG.
Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **aprobose** a moción con base nos seguintes antecedentes:

O Concello de Lalín, consciente da preocupación dos agricultores e gandeiros polos danos producidos pola fauna salvaxe, maioritariamente polo xabarín, leva traballando desde a Concellería de Medio Ambiente xa hai tempo co obxectivo de conseguir reducir ao máximo os prexuízos que causan estes animais sobre as explotacións, nun sector xa de por si castigado por outras circunstancias coa actual crise.

Neste sentido entendemos que a realización de batidas de xabaríns que están a facer os cazadores desde o pasado mes de agosto (data de inicio da caza para este animal) para axudar a minimizar este problema, no que estamos traballando en colaboración co sector e coas administracións, coa Xunta de Galicia á fronte, está a contribuír a controlar o número destes animais presentes nos nosos montes. Agora ben, debido a que o número destes animais nas fincas e explotacións lalinenses aumenta constantemente, mentres que as batidas só están autorizadas entre agosto e febreiro, consideramos que a súa realización debería facerse extensiva a todo o ano naquelas zonas que sexa necesario.

Con base no anteriormente exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Primeiro.- Solicitar á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente a que autorice batidas de xabarín durante todo o ano naqueles puntos nos que sexa necesario, a fin de controlar esta poboación e de que se reduzan ao máximo os danos que estes

animais ocasionan no sector agrario lalinense.

Segundo.- Pedir tamén á Consellería de Medio Ambiente a que autorice aos Tecores o número de precintos identificativos dos xabaríns que eles consideren oportunos.

6.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.

6.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO SOBRE AS ÁREAS DE REPARTO AR-23 E AR-33.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista do 15 de febreiro de 2012 rexistrada o día 16 de febreiro de 2012 co número 1089. A continuación o Sr. Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do 23 de febreiro de 2012.

Antes de entrar no debate someteuse a votación a solicitude de comparecencia e aprobouse por **UNANIMIDADE**.

A defensa desta moción correu a cargo de **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez**, concelleiro do grupo socialista.

Antes de formular as preguntas indicou que o seu grupo quería coñecer o que sucedeu nestas dúas áreas de reparto. De aí as solicitudes de comparecencia.

Indicou que o custe destes chalets superou os tres millóns de euros; namentres o aproveitamento urbanístico monetarizado foi de sesenta mil douscentos trinta e catro euros.

Sinalou que se un cidadán compraba unha casa na urbanización de Penacoba por máis de douscentos vinte mil euros en escritura pública e comprobaba logo que non ten conexión coa trama urbana, que ten que pagar o alumeado público, que ten que pagar o bombeo de augas e carece dos servizos mínimos, que debe pagar o lixo como se fose no casco urbano, aínda que só o teña un día á semana e carece por suposto de recollida selectiva, algo grave estaba a pasar e algo non funcionaba ben no Concello.

Para coñecer o que pasou formulou o edil **D. Francisco Pérez Donsión** en relación coa AR-23 preguntou ao Sr. Concelleiro delegado de Urbanismo as seguintes preguntas que leou en relación coa situación da urbanización da AR-23 en Penacoba:

Como representante do Concello de Lalín na Xunta de Compensación da AR-23 correspondíalle a vostede asesorar da política urbanística municipal e tutelar a Xunta de Compensación e todo o necesario. Á vista dos problemas que teñen os veciños de Penacoba por falta de conexión ás redes fórmulanse as seguintes preguntas:

- 1.- *¿Asistiu vostede ás reunións da Xunta de Compensación?*
- 2.- *¿Asesorou correctamente á Xunta de Compensación da política urbanística municipal?*
- 3.- *¿Tutelou á Xunta de Compensación para que non incorrera en incumprimento dos seus deberes ou en infraccións?*
- 4.- *¿Como explica vostede que existan tantas irregularidades?*
- 5.- *O 4 de abril de 2005 o presidente da Xunta de Compensación solicitou coñecer a cantidade que tiña que depositar ou avalar para facer fronte aos compromisos de afrontar os gastos para a conexión das redes, indicándoselle que o importe do aval era de 55.407 € que foron depositados en Intervención. O 30 de agosto de 2006 comunicoulle á Xunta de Compensación que o custe das obras ascendía a 33.454 €, devolvéndoselle o resto da cantidade depositada en aval:*

¿Como se procedeu á devolución do aval cando estaban sen acometer as conexións ás redes?

6.- O 11 de setembro de 2007 o presidente da Xunta de Compensación presentou o final de obra da urbanización da AR-23 solicitando os avais depositados, o 10 de decembro de 2007 o técnico municipal informa desfavorablemente pola falta de autorización administrativa e alta de posta en marcha da Consellería de Industria das instalacións de electrificación. Neste intre vostede coñecía que a urbanización de Penacoba carecía das instalacións pertinentes:

¿Por qué se recepcionaron as obras?

A continuación **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** formulou un segundo bloque de preguntas en nome dos veciños de Penacoba.

1.-¿Quen forma parte da Xunta de Compensación?

2.- ¿Quen é responsable do Concello na Xunta de Compensación?

3.- ¿Como non detectou o Concello que as casas non estaban dotadas dos servizos básicos e concederon as licenzas de primeira ocupación?

4.- ¿Están as farolas do alumado público da urbanización Penacoba enganchadas á luz de obra?

5.- ¿Por que non se lles fixo caso ás distintas reclamacións que formularon os veciños ao Concelleiro de Urbanismo nas distintas reunións e conversacións que mantiveron con eles?

6.- ¿É certo que o Concello lles dixo aos veciños de Penacoba que a mellor solución era que eles asumiran o custo do transformador?

7.- ¿Quen é pedáneo de Lalín de Arriba?

8.- ¿Ten algunha vinculación coas vivendas da urbanización Penacoba?

En relación coa AR-33 en Feás formulou as seguintes preguntas:

Primeiro grupo de preguntas:

O 02/12/2003 o Concello e a empresa Guerra Lalín S.L. asinan un convenio urbanístico de execución do planeamento para a conexión da área de reparto 33 (AR-33) das do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lalín cos servizos existentes, ao que se achega como anexo a valoración da monetarización do 10% do aproveitamento lucrativo que lle corresponde ao concello. Neste convenio basicamente acórdase o seguinte:

ESTIPULACIÓNS:

- 1. O Concello fai a conexión do viario da AR-33 coa rúa 4.*
- 2. Guerra S.L. paga o 50% do custo dos terreos para ampliar a 12 metros o ancho de dito viario e asume o custo total da súa urbanización cun máximo de 55.407,50 €. O concello poderá repercutir sobre o resto dos propietarios lindeiros a porcentaxe que estime oportuno do restante 50%, sempre que lles supoña un beneficio, entendéndose para tódolos efectos que a AR-33 é un propietario máis que sufraga o 50% nun hipotético mmm de imposición de contribucións especiais, no caso contrario sufragarao o concello con*

cargo aos presupostos municipais.

3. *Acordan a monetarización do aproveitamento urbanístico valorado en 60.634,06 €.*

En relación con este convenio fórmulanse as seguintes preguntas:

a) *¿Cumpriu o concello co seu compromiso estipulado no punto 1 do convenio de facer a conexión da rúa da AR-33 coa rúa 4?*

En caso negativo: ¿Explíquese por que non se fixo e que consecuencias tivo para os actuais veciños desa área de reparto.

b) *¿Cumpriu a empresa co seu compromiso estipulado no punto 2 do convenio de pagar o custo do 50% dos terreos necesarios para ampliar a rúa AR-33 a 12 metros e asumir o custo total da súa urbanización?*

c) *¿En que data recibiu o Concello esta rúa?*

En caso de que non fose recibida: ¿Cales son os motivos polos que non se recibiu e cando se pensa recibir ?

d) *¿Considera Vde. normal que os veciños estean pagando a luz pública desta rúa?*

e) *¿Considera Vde. normal que os veciños estean pagando o custo do consumo eléctrico do pozo de bombeo do saneamento de dita rúa, cando lle están pagando ao concello a taxa da rede de sumidoiros (saneamento)?*

f) *¿Existe recollida de lixo nesta rúa?.*

En caso afirmativo: ¿Que importe se lle cobra por trimestre ós veciños, e con qué frecuencia se lles recolle o lixo?.

g) *Os 14 chalés construídos na AR-33 foron vendidos por un importe total que superou amplamente os tres millóns de euros, mentres que a monetarización do aproveitamento urbanístico naqueles momentos tan álxidos da construción foi fixada en 60.634,06 €. ¿Non cre Vde. que esa cantidade é moi pequena por non dicir case ridícula?*

h) *No informe do técnico municipal sobre este convenio afirmase textualmente que “O presente informe deberá acompañarse do correspondente informe xurídico”, pero ese informe xurídico non aparece por ningunha parte no expediente. ¿Elabórouse dito informe? ¿Explíquese onde está ou por qué non se elaborou?.*

Segundo Grupo de preguntas:

Neste mesmo informe citado do técnico municipal xa se advirte que “o entorno non conta con tódolos servizos urbanísticos e existen dificultades para a conexión do alcantarillado, que posiblemente terá que facerse por bombeo. Posteriormente (31 de maio de 2004) preséntase o Proxecto de Urbanización da Área de Reparto 33, infórmase polos técnicos municipais, apróbase inicialmente pola Xunta de Goberno Local, e apróbase definitivamente o 7 de setembro de 2004. Máis adiante solicítanse as licenzas de construción dos chalés, con toda a tramitación administrativa de informes e aprobacións, e finalmente concédense por parte do concello as licencias de primeira ocupación. A pesar de toda esta longa tramitación administrativa con múltiples informes e suponse que controis e visitas ás obras, o resultado é o desaguisado seguinte:

- A urbanización carece dun servizo urbanístico tan básico como imprescindible para poder construír legalmente e sobre todo poder ter licenza de primeira ocupación, como é a luz eléctrica.*
- O viario principal desta AR-33 non ten a conexión prevista co viario preexistente (rúa 4), porque o Concello non a materializou a pesar do seu compromiso por escrito, e hai que acceder a ela por unha pista rural.*

- Dito viario principal está nun auténtico limbo xurídico, pois teoricamente debería ser de titularidade pública, pero os servizos desa rúa están asumidos en parte, xa nin sequera pola xunta de compensación, senón polos propietarios das casas que loxicamente nada tiveron que ver no proceso de desenvolvemento da AR-33.

- A pesar do anterior, o Concello está cobrando aos veciños os recibos da auga, saneamento, recollida de lixo e, por suposto, o IBI, como se se tratase dunha rúa en situación normal de legalidade.

- A recollida do lixo só se fai unha vez á semana como se se tratase dunha zona rural, e non dispoñen de contedores de vidro e papel.

Pois ben, ante esta situación máis propia dun concello dun país bananeiro, á que nunca se debería haber chegado se houberse un goberno local minimamente responsable eficaz, hai unha absoluta incapacidade para solucionarla, e só se dan mínimos e tímidos pasos cando hai presións por parte dos veciños ou -coma neste caso- por iniciativas por parte da oposición como foron solicitar no seu día o acceso ao expediente e agora a solicitude de comparecencia.

As preguntas que se formulan son as seguintes:

a) ¿Considera Vde. que a actuación do departamento de urbanismo do Concello de Lalín foi a correcta en todo este proceso?

b) ¿A quen considera Vde. responsable ou responsables por parte do Concello desta situación?

c) ¿Vai asumir Vde. responsabilidades políticas ou vai a botarlle a culpa aos técnicos que xa no ano 2003 lle advertían que non existían os servizos urbanísticos no entorno?

d) ¿Cómo pode explicar que o concello, sendo o máximo responsable por acción ou omisión da situación na que se atopa esta urbanización, deixe tirados e indefensos a estes veciños?

e) ¿Cómo pode explicar que os veciños teñan que pagar o alumeado da rúa, o bombeo do saneamento e unha recollida do lixo con tarifas urbanas pero servizo rural, que non teñan luz eléctrica regularizada e que a rúa da súa urbanización non teña a conexión prevista e adecuada co resto da trama urbana de Lalín?

E sobre todo e despois desta realidade aquí descrita:

f) ¿Cómo pode entenderse que na Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2011, e a proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo, se acorde a devolución á empresa dos 53.407,50 € do aval bancario que tiña constituído para responder ás obrigas do convenio urbanístico, en concreto para a urbanización do viario principal da urbanización.

E para rematar, a pregunta que seguramente máis desexamos ver axeitadamente contestada os concelleiros do Grupo Socialista, pero especialmente os veciños afectados:

g) ¿Pode dar unha data aproximada de cando se vai a resolver definitivamente cada un dos problemas concretos que se citan a continuación?:

- Execución da conexión do viario principal da urbanización coa rúa 4 que tiña que facer o Concello e que converte a esta zona de Feás nunha "illa urbana" pola desconexión co resto da trama urbana do casco de Lalín.
- Asunción por parte do Concello do pago do alumeado público de dito viario.
- Asunción por parte do Concello do pago do consumo eléctrico do pozo de bombeo do seu saneamento.
- Recepción real e efectiva deste viario.

- *Dotación do servizo de luz eléctrica en condicións “normais” de calidade e legalidade.*
- *Dotación do servizo de recollida do lixo nas mesmas condicións que calquera outra zona do casco urbano de Lalín (na actualidade só un día á semana e sen recollida selectiva).*

O edil delegado de urbanismo **D. Román Rodríguez González** iniciou a súa intervención agradecendo ao grupo socialista que presentase estes escritos para así poder explicar e que se coñecera o que pasou.

Sinalou que o método que ía seguir era facer unha exposición xeral de todo o que pasou e dar así resposta a moitas das preguntas formuladas, e do resto falaría despois.

Afirmou que todas as decisións urbanísticas tomadas no Concello estaban avaladas polos informes dos técnicos correspondentes. O procedemento seguido foi transparente.

No Concello coñecen aos construtores, pero non aos propietarios dos pisos ou dos chalets.

O Concello deu as máximas facilidades para o desenrolo das áreas de reparto. Todas foron impulsadas polos veciños e o Concello deulles o mesmo trato a todos. Actuou do mesmo xeito con todas.

El como edil delegado ou representante do Concello non asistiu a ningunha sesión da Xunta de Compensación das áreas de reparto AR-23 e AR-33, a ningunha delas por tratarse de iniciativas privadas. Os técnicos municipais asesoran sempre aos técnicos e equipos das áreas de reparto.

Só houbo problemas nestas dúas áreas, a 23 e a 33.

A Xunta de Compensación ten unhas obrigas e uns deberes: o de presentar os estatutos, de presentar o proxecto, o de urbanizar e o de cumprir os cometidos previstos na norma.

Había non obstante diferencias. Na AR-23 houbo recepción das obras; e na AR-33 non houbo recepción das obras. O Concello deulles o mesmo trato, e ao final había problemas.

Este tema estaba moi debatido cos contratistas, promotores e cos compradores. O Concello buscaba unha solución pactada entre as partes.

Indicou que o PSOE tentaba sacar un rédito político e electoral.

Fixo historia das dúas áreas de reparto. Así dixo que na AR-23 os Estatutos aprobáronse no ano 2004; no 2005 aprobouse tras a súa presentación un proxecto de urbanización. No dito documento non se plantexou unha conexión co Centro de Transformación. O Concello visitou as obras o 20 de xaneiro de 2007 e contactou coa Consellería de Industria.

O equipo redactor fixo un contrainforme, tralo informe municipal indicando esta carencia, no que se sinalaba que non era necesario instalar un Centro de Transformación, xa que había subministro suficiente nesa zona.

O Concello non desconfiou do técnico da Xunta de Compensación, que afirmaba que o proxecto de urbanización non necesitaba un CT.

As obras desta urbanización recepciónáronse no mes de abril de 2008, tras un informe técnico municipal favorable. Déronse logo as licenzas de primeira ocupación no mes de setembro de 2009 contando para elo co certificado final de obra, coa certificación de illamentos acústicos e cos outros documentos preceptivos.

A Ordenanza reguladora da licenza de primeira ocupación esixe que primeiro se dea licenza de primeira ocupación e que logo contraten con Unión Fenosa os donos dos inmobles.

O Concello devolveulle a fianza o ano pasado.

Sostivo que no expediente de reclamación patrimonial se vía que a promotora levaba desde o ano 2004 negociando con Unión Fenosa unha solución ao problema. Houbo reunións cos veciños e con Unión Fenosa para buscar solucións.

No mes de agosto pasado presentouse no Concello a solicitude dun expediente de reclamación patrimonial, que segundo os técnicos xa está case rematado.

Todo apunta que o representante da Xunta de Compensación, Unión Fenosa e a Consellería de Industria accederán á conceder o subministro de enerxía eléctrica.

A situación actual era que estaba en vías de solución, pendentes aínda de que a empresa subministradora de enerxía eléctrica, Unión Fenosa, acceda á colocar ese centro de transformación. Se non fose así, e a Xunta de Compensación non dera unha solución a este problema, o Concello abordaría e acometería estas obras, e logo procedería á execución

subsidiaria do dito custe á Xunta de Compensación.

Sobre a área de reparto 33 de Feás manifestou que a situación era ben diferente da anterior. Aquí non había xunta de compensación, senón un propietario único. Existía un proxecto de urbanización, presentado e aprobado, que contemplaba a execución dunhas obras de canalización a un Centro de Transformación que estaba preto do matadoiro de Agruchave. Logo sucedeu que o dono único e promotor desta área de reparto vendeu a urbanización a unha terceira empresa, que hoxe atravesaba dificultades económicas, e esta non rematou as ditas obras de urbanización.

Nesta área hai dúas licenzas de primeira ocupación dadas, pero condicionadas ao informe favorable da urbanización; reiterou que parte do problema arranca da situación económica que atravesaban as empresas.

Salientou que houbo varias reunións cos veciños da zona nos meses de setembro-outubro de 2011 para tentar buscar solucións. A canalización desde a urbanización ata o Centro de transformación estaba feita, pero o contratista *Meixide* non cobrou nada pola mesma, e hai que pagarlle.

Había un convenio cunha rúa prevista de doce metros que non se podía executar.

Respecto á devolución do aval sinalado polo grupo socialista, afirmou que non ten nada que ver coa urbanización, senón que estaba asociado a un convenio de conexión da vía da AR-33 coa rúa 4, e que non se pode executar porque implica un altísimo custe económico e modificar o PXOM.

Neste caso adiantou que tamén procederá a execución subsidiaria se o propietario único non acomete as obras. Con este fin desde o Concello lle enviámos unha carta o día vinteseis do mes de xaneiro ao dono único para que acredite a execución das obras de urbanización; se non se acredita, o Concello adoptará as medidas tendentes á solución do problema.

O Concello agardaba pois esta resposta que ten como prazo último a semana vindeira; despois habería que pagar a obra feita e conectar co CT, insistindo en que non estaba recepcionada a urbanización.

En resposta ás preguntas da AR-23 do primeiro grupo afirmou que antes das licenzas os chalets non tiñan servizos. A ordenanza de licenza de primeira ocupación establecía que primeiro había que obtela e logo os donos das vivendas terían que contratar con Unión Fenosa o subministro eléctrico e o resto dos servizos.

O Concello coñecía este problema desde o ano pasado. Non obstante agora tamén coñecía que desde o ano 2004 se falaba con Unión Fenosa.

Recoñeceu que houbo reunións cos veciños e con Unión Fenosa para buscar solucións ó expediente.

No mes de agosto presentouse unha reclamación patrimonial e estaba en curso; esperaba que a semana vindeira estivese rematado o expediente.

Todo apuntaba a que o responsable do problema de non ter o centro de transformación nin enerxía era a Xunta de Compensación. Unión Fenosa e Industria teñen que dar o subministro.

Sobre algunhas das preguntas do primeiro grupo da AR-33 que entendía non respondidas na exposición xeral, dixo:

-En relación coa pregunta a), afirmou que o convenio sobre a conexión da rúa 4 coa AR-33 non se cumpríu; engadiu que non se podía levar a cabo porque para elo era necesario tramitar previamente unha Modificación Puntual do PXOM.

-En relación coa pregunta b), engadiu que cumpría facer un muro de certa altura cun custe importante.

-Sobre os tres millóns do custe dos 14 chalets dixo que o descoñecía, e que as cifras percibidas polo Concello se calcularon en base aos informes técnicos (pregunta g).

Sobre as preguntas da AR-33 do segundo grupo dixo o seguinte:

-Sobre a asunción de responsabilidades políticas dixo que non (resposta á pregunta c).

-Sobre o tema do aval dixo que se efectuou a devolución do aval do dito convenio porque nestas

condicións era imposible facer as obras nin cumprir o convenio.

Finalmente indicou que a situación das dúas áreas de reparto 23 e 33 eran ben diferentes. En todas o Concello seguiu o mesmo procedemento, e coidaba que a Xunta de Compensación era quen ten a obriga de subministrar enerxía eléctrica aos donos da urbanización. O procedemento foi claro e transparente. Tanto nun caso coma no outro os problemas estaban en vías de solucións, e os da segunda, AR-33, case en fase de execución subsidiaria.

Con estas verbas déronse por rematadas a comparecencia.

6.2.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA ALCALDÍA.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de 20 de febreiro de 2012 rexistrada o mesmo día co número 1127. A continuación o Sr. Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial de 23 de febreiro de 2012.

Iniciou o debate o voceiro socialista, **Sr. González Aller** indicando que co gallo dunha exposición de obras de arte no Museo Ramón Aller, houbo dúas destas que se censuraron a última hora. Ao mellor sucedeu que un sacerdote pasou por alí. España era un estado aconfesional e laico.

O Sr. Alcalde deu orde de retirar dúas esculturas, censurando estas dúas obras de arte, seguramente por indicación das autoridades eclesiásticas.

Pensaba que deberon ser razóns e motivos de certa gravidade. Non se explicaba como se recepcionaron estas obras de arte, e logo se mandaron retirar, porque tiñan por obxecto ensalzar un produto típico de aquí, o porco e o cocido.

En segundo lugar en relación coa recepción dunha escultura e a cesión da mesma a este Concello por un certo tempo. O seu grupo quere saber quen foi o responsable de ordenar a súa súa colocación e aceptación e quen mandou que se expoñera nas inmediacións do Concello.

Lembrou que a empresa que asinou o convenio co Concello estafou centos de cartos segundo figuraba en internet. Esta compañía presuntamente sobornou a Alcaldes e concelleiros e constaba tamén en internet presuntamente que timou a moita xente, o mesmo ca produtora Bitango. Preguntouse se había posibilidades de que se embargase esta obra (*A alma do vento*).

A continuación o **Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que esta moción era unha moción típica do grupo socialista, quizá da parte máis mezquina do PSOE. Lembrou que el non tiña contactos anteriores coa Fundación Feyma, senón que coñeceuno a través do pintor lalinense *Antón Lamazares*.

Resaltou que non tivo nunca esta empresa ou esa persoa relación co Concello de Lalín, nin comprou, nin contratou obras nin cobrou nada de Lalín. Por certo dixo que un dos alcaldes ao que presuntamente a dita persoa ou empresa pagou foi un Alcalde do POSE. En suma non lle sobornaron nin tivo relación algunha con esa empresa.

Afirmou que como norma para aceptar a escultura pediu unha información.

Respecto da exposición EmporcArte dixo que ningún cura pasou por aquí, nin interveu autoridade eclesiástica algunha. Coidaba que a escultura do Sagrado Corazón cunha cabeza de porco non era axeitado, engadindo que actuaría igual se os actos afectasen a outra relixión, por exemplo co tema das caricaturas de *Mahoma*. Repetiu que sen machacar a ninguén, había liberdade de ideas e tamén para expresar os pensamentos, pero sempre respectando as ideas dos demais, sen ofender a ninguén.

Por alusións o concelleiro socialista **D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que o problema xurdiu porque non houbo preselección das obras a expoñer antes, e o que non procedía era mandar retirala ao final, cando xa estaba exposta.

Na moción solicitábase a comparecencia da Alcaldía para explicar determinadas cuestións relacionadas coa arte e para contestar as preguntas que se lle formularan ao respecto.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a moción, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) dos cales catro (4) foron do PSdeG-PSOE e dous do BNG.

Votos en contra: catorce (14) dos Concelleiros do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

Antes de marcharse o Sr. Alcalde quixo felicitar aos empregados municipais, funcionarios e persoal eventual, *Inmaculada, Vila, Sixto, Niza e Fe*, e aos concelleiros *María José e José Antonio* pola súa adicación na celebración da Feira do Cocido na súa XLIVª Edición.

Neste intre sendo as 13,27 o Sr. Alcalde titular, D. Xosé Crespo Iglesias e D. José Antonio Rodríguez Fernández abandonaron a sesión, quedando os grupos políticos con 12, 4, 2 e 1 membros respectivamente. Pasou a ocupar a Presidencia D. Román Rodríguez González

7.- MOCIÓNS DO BNG.

7.1.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN E A SUBA DE TARIFAS DAS ESCOLAS INFANTÍS PERTENCENTES Á XUNTA DE GALICIA.

Deuse conta pola Presidencia da moción do grupo municipal nacionalista do día 3 de febreiro de 2012, rexistrada o día 6 de febreiro de 2012 co número 794. A continuación o Sr Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 23 de febreiro de 2012.

Brevemente o voceiro do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou o sentido da moción e o que se pedía, que se anulase a suba abusiva nas matrículas das Escolas Infantís, que superaba o IPC e que coa capacidade económica que tiñan hoxe as familias non procedía. Leou de seguido a parte dispositiva da dita moción.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** amosou o seu parecer favorable. Parecía que a crise xustificaba todo, e non era así. Con esta suba tocáballes pagar máis aos cidadáns, unha suba que era bestial, alcanzando preto do 70% e mesmo o 50% segundo os casos.

Cobraríase ata 49 € máis ao mes por servizo para unidades familiares cun só rapaz.

Estaba de acordo coa moción, porque o que buscaba o goberno galego era equiparar as escolas públicas e as escolas privadas. A suba era tal que mesmo chegaba nalgúns casos a pagar 230 € por cada rapaz, unha barbaridade máis que había nalgún tramo das tarifas.

Tamén desde o PGD **D. Camilo Conde López** vía mal que coa crise e o mal momento que había se fixeran estas subas. Estaba de acordo coa moción.

Polo grupo de goberno **Dª. Paz Pérez Asorey** indicou que había que recoñecer a coherencia da moción, pero indicou que o grupo propoñente podía dispoñer de datos reais de familias de usuarios, e por elo a moción non tiña razón de ser presentada.

Desde o Decreto do ano 2002 non houbo actualizacións dos prezos públicos das escolas infantís de 0-3 anos. Hoxe era necesaria unha actualización das tarifas.

Este incremento, indicou, tivo lugar porque non o houbo nos períodos que van desde o ano 2002 ata o 2012. Pero a partir de agora, as tarifas actualizaríanse cada ano coincidindo co ano escolar.

A suba aprobada tiña en conta a capacidade económica das familias. Incrementouse a partir

dunha renda superior ao IPREM, 532,52 €/mes. Entendía que a suba era progresiva e solidaria, para atender aos que teñen menos recursos, e facer pagar máis aos que máis teñen.

As maiores subas correspondían ás unidades familiares con rendas superiores a 3200€. As de menos de 1190 non tiñan que afrontar incrementos. Creáronse tres novos tramos. A maior suba estaba no servizo de comedor, uns 8 €/mes a maiores, no tramo entre o 75% e o 100% do IPREM. Os tramos anteriores non teñen variación.

As familias numerosas, as monoparentais e as que teñen máis irmáns no centro terán un 20% de desconto.

Non obstante sinalou que as tarifas máis altas non acadaban nin o 33% do custe.

Do total de prazas actuais en Lalín, 44 matrículas superaban o IPREM, 16 matrículas quedaban exentas, e as familias exentas con aportación mínima mantéñense.

Poñendo varios casos para rendas de 446, a cota actual sería de 66 €; para 1300 a cota sería de 110.

Dixo que o primeiro caso do grupo quedaba igual e o do segundo que deberá pagar 192 queda con 160.

No caso dous con rendas de c) 332 paga 33 €, e d) con 9.569 paga 110. O neno d) pasa a pagar 160 e o neno c) queda en 33 €.

En suma coidaba que en xeral non primaba no cálculo destas subas a media aritmética, senón que se valoraba en función da capacidade económica das unidades familiares.

Desde o BNG, de novo **D. Xesús Cordeiro Budiño**, dixo que non vía claras as verbas da edil do goberno municipal, porque das mesmas parecía que subían pero non subían; baixaba pero non baixaban. O certo era que había unha suba importante e que só había que ver o devandito Decreto para darse conta delo.

O que se constataba tamén era que se cambiaron as tarifas para acercalas ás das empresas privadas e por elo era un paso máis cara ás privatizacións destas escolas infantís; a proba disto era que as novas construcións e servizos de escolas infantís xa optaban pola privatización.

Os obxectivos das escolares infantís públicas e os das privadas eran distintos. Aquelas pretendían entre outros fins, conciliar a vida laboral coa familiar.

En suma coidaba que a suba era unha privatización encuberta e a suba do Decreto respondía a isto. Por elo pediu que o Concello apoie a moción pedindo ao goberno da Xunta de Galicia que retire o decreto e busque consensuar as subas coa oposición.

Tamén o voceiro socialista **D. Manuel María González Aller** dixo que as subas só debían contemplar as actualizacións, para evitar como pasou agora que subiran de golpe.

So gravan rendas máis altas de 1200 €/mes. Pero era demagórico dicir que estas rendas eran altas. Si hai que facer unha suba que se faga, pero non é lóxico que unha unidade familiar con 1200€ ao mes pague 230€ ao mes, a pesar de que logo polo segundo fillo ten un desconto do 20%.

Ratificouse no xa dito **D. Camilo Conde López**, avogando por reconducir a situación, e reclamando que o Decreto o apliquen doutro xeito.

De novo tamén **D^a. Paz Pérez Asorey** dixo en alusións ás verbas do edil socialista que a renda per cápita era por ingresos de unidades familiares, non por membros.

O Decreto presentaba doutra banda unha suba progresiva e solidaria. En Lalín agora só había 22 persoas que superaban o Iprem entre os que utilizaban os servizos das escolas infantís.

Algunhas destas subiron só o incremento do IPC. As maiores subas eran para os que percibían máis de 3000 €/mes.

Tamén aproveitou para indicar que o goberno da Xunta de Galicia non estaba pola privatización das escolas infantís. En Santiago e en Vigo había unha externalización do servizo e non se privatizaba nada. Había que facer un plantexamento de calidade.

Sobre a emenda aos orzamentos estatais, dixo que aínda estaban estes sen aprobar e non dispón de tempo para elo. Había que ter sentido común.

Finalizou o debate o Sr. Presidente accidental, **D. Román Rodríguez González** que dixo que os soldos medios e as rendas familiares reducíronse polo goberno socialista, e que as unidades familiares estaban mermadas nas súas rendas pola culpa do dito goberno e non polo que goberna en Galicia.

Na moción pedíase que se instara á Xunta de Galicia a: 1.- Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011; 2.- Que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo; 3.- Que as escolas infantís sigan a estar en mans públicas, parando os procesos de privatización iniciados, xa que, máis tarde ou máis cedo, pode tocarnos a nós.

Sometida a moción a votación ordinaria co sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: doce (12) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

7.2.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALICIA.

Deuse conta pola Presidencia da moción do grupo municipal nacionalista do día 10 de febreiro de 2012, rexistrada o mesmo día co número 908. A continuación o Sr. Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais do día 23 de febreiro de 2012.

Brevemente o voceiro do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou o sentido da moción e o que se pedía na mesma. O argumento era que se estaba na liña de privatizar a sanidade, e para elo se traballaba en empeorar todos os servizos asistenciais, para que ao final fosen a mans privadas. Agora se trataba de cobrar por determinadas prestacións. O seu grupo estaba en contra. A moción pretendía apoiar as reivindicacións da *Plataforma SOS*. Rematou afirmando que as prestacións sanitarias e a calidade da sanidade con este goberno popular na Xunta de Galicia caían en picado.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** comunicou que apoiaban a moción que era unha ratificación dos postulados da plataforma. Estaban ao cento por cento de acordo coa mesma. Había unha crise na sanidade española, unha das mellores de toda Europa occidental, universal, gratuíta e a máis barata se estaba a desmantelar. Era tamén a que custaba menos e pola contra agora na que se inviste menos, en relación co PIB, por exemplo en comparación con EE.UU.

Non é cara, é barata; pero se reduciu polas presións das empresas privadas, que queren collela e xestionala. Empezou baixando os soldos, o que motivou que moita xente hai anos marchase á emigración.

A obriga do goberno é mantela. Antes a idade de xubilación eran sesenta e cinco pero se alonxaba ata 80 anos. Agora non se quería dar traballo aos entes públicos, senón aos hospitais e clínicas privadas. Volvemos de novo aos anos 70 nos que a poboación non estaba cuberta ao cento por cento no eido sanitario.

Reiterou que a sanidade en España era máis barata.

Rexeitou o sistema empregado para a construción e a xestión do hospital de Vigo e outros mediante o sistema de concesión. Había que rexeitalo, porque en vez de abonar un custe inicial da obra e instalación, había que estimar o custe dos pagos da concesión durante toda a súa vida,

dando así unha suma en vez de catrocentos millóns, de máis de mil douscentos millóns, a razón de setenta millóns por ano que dura a concesión.

Aludiu de seguido a algúns políticos que estiveron traballando nestas iniciativas de privatizacións e concesións de hospitais, como o actual ministro de Economía *Sr. Luis de Guindos*, que traballou na consultora Prive Whitehouse, a empresa construtora Puentes y Calzada, etc...

Desde o PGD **D. Camilo Conde López** tamén estaba a prol da moción. Dixo que había un abandono excesivo, e uns recortes contínuos. Coidaba que o Estado debía manter a sanidade e consensuar as liñas xerais. Había que manter a coherencia, ver os custes, estudalos e non privatizar.

Sendo as 14,03 horas deste día abandonou a sesión definitivamente D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez, quedando o grupo socialista con tres e con dezaioito o total de membros asistentes da corporación.

A posición do grupo de goberno expúxoas **Dª. Pilar López Carrón**, edil delegada de sanidade.

Sostivo que para a Xunta de Galicia a área da sanidade era prioritaria, e por elo ía garantila para que se prestase e fose gratuíta. Sinalou que nas últimas décadas e nos catro anos últimos do anterior goberno bipartito a Xunta de Galicia sí fixo unha política de concertación con entidades privadas sanitarias, algo que se criticaba do actual goberno. Non obstante isto, elo non impedía seguir defendendo o carácter público da sanidade.

Citou que proba deste interese do actual goberno na sanidade pública era que en moitos sitios, como en Lugo, Vigo, Pontevedra se inauguraron centros de saúde, e deu cifras dos investimentos. Afirmou que tiña que quedar claro que a actual Conselleira de Sanidade, *Srª García Mosquera* garante a atención sanitaria pública e gratuíta en Galicia. Para elo tiñan medios e capacidade para acometelo.

Lembrou que a única baixada de soldos de persoal habida foi a do último goberno socialista de *D. J.L. Rodríguez Zapatero*, que estivo durante catro anos celebrando concertos con clínicas sanitarias privadas.

Sendo as 14,05 deste día abandonou a sesión definitivamente D. José Luis Sucasas Fernández quedando co grupo nacionalista con un e con dezasete o total de membros asistentes da corporación.

De novo desde o grupo nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que a moción tipo presentouse do mesmo xeito que as presentaban o resto dos grupos políticos e buscaba garantir unha sanidade pública.

Dixo que non era lícito disfrazar a mala xestión do actual equipo acudindo e descualificando á xestión do anterior goberno bipartito que durou tres anos e medio. O PP levou catorce anos, co *Sr. Fraga*, período máis que sobrado e no que se veu que se concertou con empresas privadas no eido da sanidade, agora se aportaba a idea do copago, e se asume esta idea pouco a pouco. Hai que dicir non a esta política de degradación da sanidade pública, para caer na sanidade privada. Por iso era importante apoiar a moción. Rematou afirmando que este problema era aínda máis grave tendo en conta a caída demográfica que se estaba a producir en Galicia.

Coidaba **D. Manuel María González Aller** que había que aludir tamén dentro desta política de privatizacións a que o método de concesión para a construción e xestión non so cubría o importe da construción senón tamén un montante cada ano, o mesmo que o estabamos a ver aquí co Lalín Arena durante vinte anos, e de 400 millóns de euros se pasaría a mil catrocentos. É dicir o que se pagaba realmente era moito máis do que se dicía.

Doutra banda había que destacar que isto se traduciría inexorablemente nun peor tratamento da sanidade e nunha degradación das prestacións.

Ratificouse no xa dito **D. Camilo Conde López** dixo que neste eido da sanidade había que tomar medidas estratéxicas, para garantir a súa supervivencia e tamén para prevenir abusos. En parte estaba de acordo coa moción e en parte, non.

No seu turno segundo **D^a. Pilar López Carrón** dixo que tanto o PSOE coma o BNG con esta clase de mocións e intervencións o único que facían eran fomentar e crear alarma social. Coidaba que todo era mellorable, e o goberno da Xunta de Galicia do PP garantir unha sanidade pública, gratuíta e universal, e nesta liña seguirían.

Por alusións **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que había un caso que lle sucedeu a el en Santiago de Compostela no CHUS, onde unha persoa foi a facer unha proba, e non aparecían, debido aos poucos medios e atención que había nese departamento.

Este debate rematouno o *Sr. Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González*. Afirmou que o sistema de concesión da construción e da xestión de hospitais e mesmo noutras infraestruturas básicas seguiuuse non só aquí en Galicia, senón en distintas CC.AA como as de Baleares, gobernada polo PSOE, a Comunidade Valenciana e outras. Lembrou que o único goberno que baixou os salarios aos traballadores e funcionarios foi o último goberno central socialista.

Na moción pedíase: Primeiro: manifestar o apoio da Corporación Municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á Presidenta do Parlamento de Galicia, voceiros parlamentarios e presidente da Xunta de Galicia; Segundo: animar aos veciños e veciñas do noso Concello a colaborar con esta iniciativa; Terceiro: instar á Xunta de Galicia e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíta e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galicia.

Sometida a moción a votación ordinaria a man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5) sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: doce (12) do PP.

Abstencións: dúas (2) de *D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez e de D. José Luis Sucasas Fernández*.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

8.- MOCIÓN POR URXENCIA.

8.1.- MOCIÓN POR URXENCIA DO BNG PARA A DECLARACIÓN DO 24 DE FEBREIRO “DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO”.

Deuse conta pola Presidencia da moción do grupo municipal nacionalista do día 20 de febreiro de 2012, rexistrada o día 21 de febreiro de 2012 co número 1164. A continuación o *Sr. Secretario* deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais do día 23 de febreiro de 2012.

A continuación someteuse a votación, mediante o sistema de man alzada, a ratificación da urxencia da moción, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes que suman un total de 17 concelleiros, dos cales doce (12) foron do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (2) do BNG e un (1) do PGD.

Tendo en conta que había consenso entre todos os grupos municipais sobre a moción e o que se pedía na mesma, pasouse a votación ordinaria a man alzada a moción, esta aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes que suman un total de 17 concelleiros, dos cales doce (12) foron do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD.

Xa que logo **aprobase** a moción con base nos seguintes antecedentes:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galega. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e de esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha constante actualidade. Desde o século XIX **Rosalía de Castro** recibiu homenaxes polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca nos seus textos, esta comunicación e o entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi a que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita, poesía ou prosa reflexiva, un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por estes motivos, o Pleno municipal **ACORDOU**:

Primeiro.- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía de Castro no noso Concello.

Segundo.- Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora, que impliquen ao conxunto da poboación do noso Concello, a poder ser neste mes ou en datas próximas, con lecturas públicas da obra rosaliana nun lugar destacado.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Presentados de forma escrita durante a sesión:

1. ROGOS.-

PGD.

D. Camilo Conde López.

1. En relación ao teléfono de atención veciñal.

1.1. PREGUNTA.- ¿Existe algún teléfono de atención veciñal?

Contestou **D. Román Rodríguez González** sinalando que o mellor teléfono de atención aos veciños era o Concello de Lalín, que estaba aberto de oito da mañá ata as tres e das tres da tarde a oito da noite. Ademais disto sempre estaba a Policía Local para atender as chamadas e darlles o curso correspondente.

1.2. PREGUNTA.- ¿Qué finalidades se contemplan?

Indicou **D. Román Rodríguez González** que esta pregunta estaba respondida coas verbas anteriores.

ROGO.- Penso que un teléfono de atención veciñal sería importante propagalo para que calquera poida denunciar asuntos ou feitos que se entendan de interese público e que a persoa receptora saiba canalizar a solución máis rápida e acorde ao que se trate.

Exemplos: unha fuga de auga, alumeado que se quede prendido, plantas decorativas arrincadas así como calquera atentando contra o mobiliario urbano.

Xa que en moitos casos o acudir a tempo pode dar solución ao problema minorando danos ou evitar custos innecesarios.

Pide polo tanto contar con ese teléfono de atención xeral desde o Concello.

Contestou D. Román Rodríguez González indicando que a mellor atención era o propio Concello, aberto aos veciños, e recibíndoos e escoitándoos, moitas horas ao día.

PSdeG-PSOE

D^a. Beatriz García Iglesias

1.- En relación á IIª Edición de “EmporcArte” e ao feito de que este ano, por motivos non precisamente artísticos, foron censuradas dúas obras participantes: a de *Manu Miné* totalmente e a de *Javier Hita* parcialmente.

1.1.-PREGUNTA.- ¿Quén é o responsable último da toma da decisión da censura?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

1.2.-PREGUNTA.- ¿Cales son as diferencias que encontra o responsable para a censura total ou parcial dunha obra artística?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

1.3.-PREGUNTA.- ¿Cal foi a forma de comunicación da censura aos autores, e con canto tempo de antelación se lles comunicou?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

1.4.- PREGUNTA.- ¿Tense pensado para próximas edicións contar con membros eclesiásticos no Xurado para a recepción de obras artísticas co fin de evitar futuras censuras, ou se porá nas bases que non se acepta arte sacro?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- En relación ao feito de que hai máis dun ano preguntábase ao Pleno da corporación anterior se coñecía o estado lamentable de conservación no que se atopaba a obra de *Willy*, contestando no momento o Sr. Alcalde que persoalmente se encontraba en negociacións coa familia do artista e que en breve chegarían a un acordo. Sen embargo, nese día a prensa recollía a fallida promesa por parte do Concello de participar na rehabilitación das obras de *Willy*.

2.1.-PREGUNTA.- ¿É definitiva a decisión de non financiamento para a rehabilitación da obra artística de *Willy*?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.2.-PREGUNTA.- ¿Non pensa o Concello que, posteriormente, unha vez que estean rematadas as obras, vaise ver beneficiado con algunha recepción das mesmas?. ¿Non é esta razón suficiente para que reconsidere realizar unha achega económica para a restauración das

esculturas e demais obras do legado artístico de *Willy, escultor de Lalín falecido hai uns anos?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- Ao Sr. Concelleiro de Medio Ambiente en relación á Ordenanza Municipal de Medio Ambiente:

3.1. PREGUNTA.-¿En qué punto se atopa a Ordenanza Municipal de Medio Ambiente?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- Con respecto ao Plan de Aforro Enerxético:

4.1. PREGUNTA.-¿Está rematado?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.2. PREGUNTA.- ¿Quén é o encargado da súa aplicación?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

D. Manuel María González Aller

En relación coa situación da AR-33 en Feás.

Primeiro grupo de preguntas:

O 02/12/2003 o concello e a empresa Guerra Lalín S.L. asinan un convenio urbanístico de execución do planeamento para a conexión da área de reparto 33 (AR-33) das do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lalín cos servizos existentes, ao que se achega como anexo a valoración da monetarización do 10% do aproveitamento lucrativo que lle corresponde ao concello. Neste convenio basicamente acórdase o seguinte:

ESTIPULACIÓNS:

- 1.- O Concello fai a conexión do viario da AR-33 coa rúa 4
- 2.- Guerra S.L. paga o 50% do custo dos terreos para ampliar a 12 metros o ancho de dito viario e asume o custo total da súa urbanización cun máximo de 55.407,50 €. O Concello poderá repercutir sobre o resto dos propietarios lindeiros a porcentaxe que estime oportuno do restante 50%, sempre que lles supoña un beneficio, entendéndose para tódolos efectos que a AR-33 é un propietario máis que sufraga o 50% nun hipotético mmm de imposición de contribucións especiais, no caso contrario sufragarao o Concello con cargo aos presupostos municipais.
- 3.- Acordan a monetarización do aproveitamento urbanístico valorado en 60.634,06 €.

En relación con este convenio fórmulanse as seguintes preguntas:

a) Cumpriu o Concello co seu compromiso estipulado no punto 1 do convenio de facer a conexión da rúa da AR-33 coa rúa 4?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

En caso negativo:

¿Por que non se fixo e que consecuencias tivo para os actuais veciños desa área de reparto?.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

b) ¿Cumpriu a empresa co seu compromiso estipulado no punto 2 do convenio de pagar o custo do 50% dos terreos necesarios para ampliar a rúa AR-33 a 12 metros e asumir o custo total da súa urbanización?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

c) ¿En qué data recibiu o concello esta rúa? En caso de que non fose recibida: ¿Cales son os motivos polos que non se recibiu e cando se pensa recibir?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

d) ¿Considera vostede normal que os veciños estean pagando a luz pública desta rúa?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

e) ¿Considera Vde. normal que os veciños estean pagando o custo do consumo eléctrico do pozo de bombeo do saneamento de dita rúa, cando lle están pagando ao concello a taxa da rede de sumidoiros (saneamento)?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

f) ¿Existe recollida de lixo nesta rúa?

En caso afirmativo: ¿Qué importe se lle cobra por trimestre ós veciños, e con qué frecuencia se lles recolle o lixo?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

g) Os 14 chalés construídos na AR-33 foron vendidos por un importe total que superou amplamente os tres millóns de euros, mentres que a monetarización do aproveitamento urbanístico naqueles momentos tan álxidos da construción foi fixada en 60.634,06 €. ¿Non cree vostede que esa cantidade é moi pequena por non dicir case ridícula?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

h) No informe do técnico municipal sobre este convenio afirmase textualmente que “O presente informe deberá acompañarse do correspondente informe xurídico”, pero ese informe xurídico non aparece por ningunha parte do expediente. ¿Elaborouse dito informe? Explíquese onde está ou por qué non se elaborou.

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

Segundo Grupo de preguntas:

Neste mesmo informe citado do técnico municipal xa se advirte que “o entorno non conta con tódolos servizos urbanísticos e existen dificultades para a conexión do alcantarillado, que posiblemente terá que facerse por bombeo. Posteriormente (31 de maio de 2004) preséntase o

Proxecto de Urbanización da Área de Reparto 33; infórmase polos técnicos municipais, apróbase inicialmente pola Xunta de Goberno Local; e apróbase definitivamente o 7 de setembro de 2004. Máis adiante solicítanse as licenzas de construción dos chalés, con toda a tramitación administrativa de informes e aprobacións; finalmente concédense por parte do Concello as licenzas de primeira ocupación.

A pesar de toda esta longa tramitación administrativa, con múltiples informes e suponse que controis e visitas ás obras, o resultado é o desaguisado seguinte:

- A urbanización carece dun servizo urbanístico tan básico como imprescindible para poder construír legalmente e sobre todo poder ter licenza de primeira ocupación, como é a luz eléctrica.
- O viario principal desa AR-33 non ten a conexión prevista co viario preexistente (rúa 4), porque o concello non a materializou a pesar do seu compromiso por escrito, e hai que acceder a ela por unha pista rural.
- Dito viario principal está nun auténtico limbo xurídico pois teoricamente debería ser de titularidade pública, pero os servizos desa rúa están asumidos en parte, xa nin sequera pola xunta de compensación, senón polos propietarios das casas que loxicamente nada tiveron que ver no proceso de desenvolvemento da AR-33.
- A pesar do anterior, o concello está cobrando aos veciños os recibos da auga, saneamento, recollida de lixo e, por suposto, o IBI, como se se tratase dunha rúa en situación normal de legalidade.
- A recollida do lixo só se fai unha vez á semana, como se se tratase dunha zona rural, e non dispoñen de contedores de vidro e papel.

Pois ben, ante esta situación máis propia dun concello dun país bananeiro, á que nunca se debería haber chegado se houbo un goberno local minimamente responsable e eficaz, hai unha absoluta incapacidade para solucionarla, e só se dan mínimos e tímidos pasos cando hai presións por parte dos veciños ou -coma neste caso- por iniciativas por parte da oposición como foron solicitar no seu día o acceso ao expediente e agora a solicitude de comparecencia.

As preguntas que se formulan son as seguintes:

a) ¿Considera vostede que a actuación do departamento de urbanismo do Concello de Lalín foi a correcta en todo este proceso?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

b) ¿A quen considera vostede responsable ou responsables por parte do Concello desta situación?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

c) ¿Vai asumir Vde. responsabilidades políticas ou vai a botarlle a culpa aos técnicos que xa no ano 2003 lle advertían que non existían os servizos urbanísticos no entorno?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

d) ¿Cómo se pode explicar que o Concello, sendo máximo responsable por acción ou omisión da situación na que se atopa esta urbanización, deixe tirados e indefensos a estes veciños?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

e) ¿Cómo se pode explicar que os veciños teñan que pagar o alumeado da rúa, o bombeo do saneamento e unha recollida do lixo con tarifas urbanas pero servizo rural, que non teñen luz

eléctrica regularizada e que a rúa da súa urbanización non teña a conexión prevista e adecuada co resto da trama urbana de Lalín?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E sobre todo e despois desta realidade aquí descrita:

f) ¿Cómo pode entenderse que na Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2011, e a proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo, se acorde a devolución á empresa dos 53.407,50 € do aval bancario que tiña constituído para responder ás obrigas do convenio urbanístico, en concreto para a urbanización do viario principal da urbanización?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E para rematar, a pregunta que seguramente máis desexamos ver axeitadamente contestada os concelleiros do Grupo Socialista, pero especialmente os veciños afectados:

g) ¿Pode dar unha data aproximada de cando se vai resolver definitivamente cada un dos problemas concretos que se citan a continuación?:

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

- Execución da conexión do viario principal da urbanización coa rúa 4 que tiña que facer o Concello e que converte a esta zona de Feás nunha “illa urbana” pola desconexión co resto da trama urbana do casco de Lalín.
- Asunción por parte do Concello do pago do alumeadado público de dito viario.
- Asunción por parte do Concello do pago do consumo eléctrico do pozo de bombeo do seu saneamento.
- Recepción real e efectiva deste viario.
- Dotación do servizo de luz eléctrica en condicións “normais” de calidade e legalidade.
- Dotación do servizo de recollida do lixo nas mesmas condicións que calquera outra zona do casco urbano de Lalín (na actualidade só un día á semana e sen recollida selectiva).

En relación, coa situación da urbanización da AR-23 en Penacoba.

Como representante do Concello de Lalín na Xunta de Compensación da AR-23 correspondíalle a vostede asesorar da política urbanística municipal e tutelar a Xunta de Compensación e todo o necesario. Á vista dos problemas que teñen os veciños de Penacoba por falta de conexión ás redes fórmulanse as seguintes preguntas:

1.- *¿Asistiu Vostede ás reunións da Xunta de Compensación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- *¿Asesorou correctamente á Xunta de Compensación da política urbanística municipal?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- *¿Tutelou á Xunta de Compensación para que non incorrera en incumprimento dos seus deberes ou en infraccións?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- *¿Como explica vostede que existan tantas irregularidades?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

5.- *O 4 de abril de 2005 o Presidente da Xunta de Compensación solicitou coñecer a cantidade que tiña que depositar ou avalar para facer fronte aos compromisos de afrontar os gastos para a conexión das redes, indicándoselle que o importe do aval era de 55.407 € que foron depositados en Intervención. O 30 de agosto de 2006 comunicoulle a Xunta de Compensación que o custe das obras ascendía a 33.454 €, devolvéndoselle o resto da cantidade depositada en aval:*

¿Como se procedeu á devolución do aval cando estaban sen acometer as conexións ás redes?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

6.- *O 11 de setembro de 2007 o presidente da Xunta de Compensación presentou o final de obra da urbanización da AR-23 solicitando os avais depositados, o 10 de decembro de 2007 o técnico municipal informa desfavorablemente pola falta de autorización administrativa e alta de posta en marcha da Consellería de Industria das instalacións de electrificación. Neste intre vostede coñecía que a urbanización de Penacoba carecía das instalacións pertinentes:*

¿Por que se recepcionaron as obras?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

A continuación formulou un segundo bloque de preguntas en nome dos veciños de Penacoba.

1.-*¿Quen forma parte da Xunta de Compensación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

2.- *¿Quen é responsable do Concello na Xunta de Compensación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

3.- *¿Como non detectou o Concello que as casas non estaban dotadas dos servizos básicos e concederon as licenzas de primeira ocupación?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

4.- *¿Están as farolas do alumado público da urbanización Penacoba enganchadas á luz de obra?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

5.- *¿Por que non se lles fixo caso ás distintas reclamacións que formularon os veciños ao Concelleiro de Urbanismo nas distintas reunións e conversacións que mantiveron con eles?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

6.- *¿É certo que o Concello lles dixo aos veciños de Penacoba que a mellor solución era que eles asumiran o custo do transformador?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

7.- *¿Quen é pedaneo de Lalín de Arriba?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

8.- *¿Ten algunha vinculación coas vivendas da urbanización Penacoba?*

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E, sendo as catorce horas e vinte e catro minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente